

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 19 de xaneiro de 2022 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de mellora da PO-315, treito, de puntos quilométricos 10+100 ao 10+380 e na entorna do punto quilométrico 13+500, de clave PO/15/025.06, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Antecedentes:

Por Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas do 18.1.2022 aprobouse provisionalmente o proxecto de construción de mellora da PO-315. Treito: pp.qq. 10+100 ao 10+380 e na entorna do p.q. 13+500, de clave PO/15/025.06.

As obras consistirán na realización de diversas actuacións encamiñadas á mellora da PO-315 no treito comprendido entre o p.q. 10+100 e o 10+380: mellora dos percorridos peonís (novas beirarrúas accesibles e continuas), reordenación das interseccións existentes, dos pasos de peóns e das paradas de autobús e renovación da rede de pluviais e da iluminación pública no treito afectado.

Proxéctanse tamén as actuacións necesarias para completar a continuidade das beirarrúas existentes na entorna do p.q. 13+500.

Considerando todo o exposto e o establecido na normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21.1 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, e no artigo 50 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o regulamento xeral de estradas de Galicia, o mencionado documento sométese ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, para que as persoas que o consideren oportuno poidan formular por escrito, ante a Axencia Galega de Infraestruturas, as observacións que crean convenientes relativas á concepción global do trazado deseñado.



Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, sométese a información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Terceiro. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública aos efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

Cuarto. A exposición ao público, aos efectos da presente resolución, realízase na Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas de Pontevedra (avda. M^a Victoria Moreno, 43-1º, 36071 Pontevedra) e no Concello de Cangas (avda. Castelao, 2, 36940 Cangas, Pontevedra). Así mesmo, na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade: <https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/transparencia/procedementos-informacion-publica/estudios-proxectos>, atópase á disposición dos interesados o proxecto de construción.

Santiago Compostela, 19 de xaneiro de 2022

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados
Mellora da PO-315. Treito: pp.qq. 10+100 ao 10+380 e na entorna do p.q. 13+500, de clave: PO/15/025.06

Concello de Cangas. Pontevedra

Nº	Referencia catastral	Titular	DNI	Situación básica do solo	Tipo terreo	Tipo cultivo en solo rústico	Clasificación urbanística	Área afectada (m²)	Ben afectado	Unid.	Med.
1	36008A02800164	Roca de Togores Rodríguez de Mesa, María Fuencisla (herdeiros de) Gil González Careaga, Ramón Javier (herdeiros de)	***6402** ***9378**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo urbano	108,21	Peche de bloque e malla metálica	m	27,00
2	36008A04800463	Piñeiro González, Manuel	***2729**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	18,40			
3	36008A04800462	González Francisco	---	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	0,89			
4	36008A05000044	Piñeiro Iglesias, Luisa	***3143**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	0,60			
5	36008A05000535	Piñeiro Iglesias, Luisa	***3143**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	11,05			
6	36008A05000534	Piñeiro Iglesias, Luisa	***3143**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	14,27	Peche de bloque e malla metálica	m	5,00
7	36008A05000043	Álvarez Rodríguez, M. Carmen	***0755**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	27,49			
8	36008A05000042	Piñeiro Iglesias, Luisa	***3143**	Rural	Rústico	C-Labor ou labradío secoano	Solo urbano de núcleo rural	43,65	Peche de bloque e malla metálica	m	15,00

